



CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de cesión gratuíta do ben inmovible, local situado no Complexo Polideportivo Municipal, a favor da Asociación Cultural e Deportiva Pena de Chaos, por Resolución de Alcaldía, de data de 2 de xaneiro de 2023 de conformidade cos artigos 110.1.f) do Real Decreto 1372/1986, de 26 de novembro, do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e do artigo 86 da lei 30/1992, de 26 de novembro, sométese a información pública polo prazo de vinte días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Antas de Ulla, 2 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 0034

LUGO

Anuncio

DECRETO n.º 54/2023 do 04/01/2023

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

- Visto acordo 9/286 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2020, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020.

- Visto acordo da Mesa Xeral de Negociación do día 20 de decembro de 2022 de proposta de aprobación das bases para acceso ás prazas de promoción interna.

- Visto acordo 12/799 Xunta De Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 28-12-2022 de PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENCARGADO/A DE MERCADOS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2020.

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo n.º 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ENCARGADO/A DE MERCADOS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2020, que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 28 de decembro de 2022, que seguidamente se transcriben:

"1º.- **OBJECTO.-** É obxecto das presentes bases específicas a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Encargado/a de Mercados, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018.

As ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 256, do 7 de novembro de 2014 e núm. 39, do 15 de febreiro de 2019.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: Encargado/a de Mercados

b) Grupo de titulación: C (Subgrupo C2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: Servizos especiais

3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

a) Título de graduado escolar, graduado en ESO ou equivalente.

b) Ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade, da Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais pertencente ao grupo/subgrupo inmediatamente inferior, e ter unha antigüidade mínima de dous anos no grupo/subgrupo dende o que se promociona.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo e os aspirantes manifestarán nelas, de xeito expreso, que reúnen todas e cada unha das condicións de admisión previstas nestas bases específicas e nas xerais aprobadas pola Xunta de Goberno en sesións do 2 de xuño de 2010, 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014 para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final séptima da mesma).

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, na solicitude de admisión ó concurso-oposición deberán alega-los méritos que posúan de entre os especificados na base décimo terceira das bases xerais anteriormente citadas de acordo coa modificación aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22 de decembro de 2010 e acompañar á dita solicitude os certificados e títulos ou diplomas acreditativos de tales méritos, sen que o tribunal poida valorar méritos diferentes dos alegados na solicitude ou insuficientemente acreditados, sen que proceda a concesión de prazos ós solicitantes para a corrección de tales deficiencias.

6º.- FASE DE CONCURSO. Consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polos aspirantes no momento de presentación das instancias. Os méritos serán valorados de acordo co baremo que se establece na base décimo terceira das xerais aludidas na base anterior.

7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán supera-los aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de 2 horas, un ou varios supostos ou probas prácticas que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e versará sobre algunha das cuestións e materias contidas no temario específico.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ó disposto na base décimo sétima letra C, das bases aprobadas pola Xunta de Goberno o 2 de xuño de 2010 modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010 e o 15 de outubro de 2014 que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición, será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación obtida na fase de oposición incrementarase coa correspondente á fase de concurso.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

1. Ordenanza Reguladora de Prazas e Mercados do Concello de Lugo: Réxime interior e funcionamento. Mantemento e limpeza das instalacións. Seguridade alimentaria na realización de obras. Dereitos e deberes das persoas usuarias.

2. Prohibicións e limitacións previstas na Ordenanza Reguladora de Prazas e Mercados do Concello de Lugo. Postos fixos, temporais e Provisionais. Revogación e rescate de concesións. Desempeño da actividade comercial. Dereitos e obrigas das persoas concesionarias.

3. Ordenanza Reguladora Prazas e Mercados do Concello de Lugo: O Mercado Tradicional.

4. Ordenanza Fiscal 114: Obxecto, obrigados ao pago. Bases de gravame.

5. Ordenanza reguladora de Venda ambulante. Concepto de venda ambulante. Modalidades. Normas de funcionamento dos mercados.

6. Lei 13/2010, de 17 de decembro de comercio interior de Galicia: Produtos obxecto da venda ambulante. Lugares destinados á venda ambulante. Réxime de autorización e facultades de inspección e sanción na materia de venda ambulante.

7. Real Decreto 1334/1999, de 31 de xullo polo que se aproba a Norma Xeral de etiquetado, presentación e publicidade dos produtos alimenticios: Definicións básicas. Información obligatoria do etiquetado.

8. Norma técnica de Seguridade en edificios públicos: Enumeración de Medidas de Seguridade. Sistemas de control de accesos.

9. NTP45. Plan de emerxencia contra incendios: Alarmas e simulacros de incendios.

10. Instalacións de protección de incendios (Fichas de divulgación Normativa): Operacións de mantemento por persoal titular da instalación en: Sistemas automáticos de detección e alarma de incendios. Extintores de incendios. Bocas de incendios equipadas.

11. Lei de Prevención de Riscos Laborais: Principios da acción preventiva. Plan de Prevención Riscos laborais. Equipos de traballo e medios de protección. Información, consulta e participación dos traballadores.

12. Manipulación manual de Cargas (Gúa técnica INSHT): Método para a avaliación e prevención de riscos laborais relacionados coa manipulación de cargas.

13. Os equipos de traballo. Características. Criterios de distribución e organización do equipo técnicas de dinámica de grupo. (Información a disposición).

14. Real decreto 486/97 de seguridade e saúde nos lugares de traballo: Condicións xerais de seguridade nos lugares de traballo. Orde, limpeza e mantemento. Material de primeiros auxillios.

15. Funcións específicas do posto de Encargado de Prazas e Mercados. Mercados e mercadiños no Concello de Lugo. Ubicación, horarios e periodicidade de cada un deles. (Información a disposición).

16. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo para a igualdade efectiva de homes e mulleres: Principio de igualdade e tutela contra a discriminación. Igualdade e conciliación.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, a composición dos tribunais cualificadores será a seguinte:

Presidente: Un/ha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o pola Xunta de Goberno Local, entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal).

Vogais:

- Tres técnicos ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeados pola Xunta de Goberno Local, entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal).

Secretario/a: un funcionario/a do grupo A1 ou a A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a pola Xunta de Goberno Local, entre aqueles que presten servizos no Concello de Lugo e

conten con formación no ámbito xurídico”.

A súa vez será aplicable a Instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada día nove de outubro de dous mil dezanove.

10º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 4 de xaneiro de 2023.

R. 0035

MONTERROSO

Anuncio

Mediante Resolución da Alcaldía, de data 26 de decembro de dous mil vinte e dous, aprobáronse as bases que regularán as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Monterroso.

BASES XERAIS QUE REGULARAN AS CONVOCATORIAS DE DIVERSOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES AS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE MONTERROSO INCLUIDAS NA OFERTA PÚBLICA EXTRAORDINARIA DE 2022

PRIMEIRA.-CONTIDO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Estas Bases Xerais teñen por obxecto regular as convocatorias para cubrir as prazas de traballo vacantes no cadro de persoal laboral fixo e funcionario do Concello de Monterroso relativas ao proceso de estabilización de emprego temporal, de conformidade co disposto no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

As especialidades de cada proceso selectivo: natureza e características dos postos, requisitos de titulación, exercicios e programa no seu caso, serán obxecto de regulación nas bases específicas de cada convocatoria.

SEGUNDA.-PRAZAS A CONVOCAR.

As prazas vacantes que rexerán estas Bases Xerais son as previstas na oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do ano 2022, aprobadas por Resolución da Alcaldía n.º 2022-0295, do 30/05/2022 (BOP n.º 123, do 31/05/2022, e no DOG n.º 120, do 23/06/2022)

Previamente á publicación de cada convocatoria, se informará ao traballador/a afectado polo proceso de estabilización que se vai a convocar a súa praza e de que pode participar no referido proceso de selección.

O número de prazas vacantes, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

Nº PRAZAS	Nº PRAZA	DENOMINACION PRAZA RPT	REXIMEN XURIDICO	FORMA SELECCIÓN	XORNADA

1	PL32	CONSERXE-LIMPADOR	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL31	CONSERXE-LIMPADOR	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL04	EDUCADOR FAMILIAR	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL22	OFICIAL PREVENCION E EMERXENCIAS	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL23	OFICIAL PREVENCION E EMERXENCIAS	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL24	OFICIAL PREVENCION E EMERXENCIAS	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL25	OFICIAL PREVENCION E EMERXENCIAS	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL26	OFICIAL PREVENCION E EMERXENCIAS	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL27	OFICIAL PREVENCION E EMERXENCIAS	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL28	OFICIAL PREVENCION E EMERXENCIAS	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL29	OFICIAL PREVENCION E EMERXENCIAS	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL30	OFICIAL PREVENCION E EMERXENCIAS	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL03	EDUCADOR SOCIAL	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL51	OPERARIO SERVICIOS MULTIPLES	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL46	AUXILIAR DE COCIÑA ESCOLA INFANTIL	LABORAL FIXO	CONCURSO	T. PARCIAL
1	PL06	MESTRE ESPECIALISTA EN EDUCACION INFANTIL	LABORAL FIXO	CONCURSO	T. PARCIAL
1	PL45	AUXILIAR COCIÑA-REPARTIDOR	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL44	AUXILIAR COCIÑA-REPARTIDOR	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL13	AUXILIAR ENFERMERIA	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL14	AUXILIAR ENFERMERIA	LABORAL FIXO	CONCURSO	COMPLETA
1	PL50	OPERARIO SERVICIOS MULTIPLES	LABORAL FIXO	CONCURSO-OPOSICION	COMPLETA
1	PF06	AUXILIAR ADMINISTRATIVA	FUNCIONARIO	CONCURSO-OPOSICION	COMPLETA

TERCEIRA.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1. Con carácter xeral, para seren admitidos na realización destas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas de ingreso:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido nas bases específicas para ingresar na praza o día en que remate o prazo de presentación de instancias.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza ou posto a que aspira.
- e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- f) Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua Galega correspondente a cada proceso de selección, que se especificará nas bases específicas. Os que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

g) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Monterroso, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa base 6.^a das presentes bases.

h) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

2. Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos na data do seu nomeamento como persoal laboral fixo ou funcionario.

CUARTA.-SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección para acceder ás distintas prazas será o de concurso ou concurso-oposición para as prazas PL50 e PF06.

2. A fase de oposición consistirá en probas de coñecementos teóricos e prácticos, podendo as mesmas consistir en test, probas por escrito, desenvolver supostos prácticos, traballos manuais, etc, segundo a natureza e funcións dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo cas bases específicas.

3. Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes.

4. Os exercicios que deberán realizar os aspirantes en cada proceso selectivo e os méritos específicos a ter en conta, de ser o caso, na fase de concurso, determinaranse e describiranse nas bases específicas.

QUINTA.-SOLICITUDES.

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Monterroso, cos datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegándolle unha fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios e, no seu caso, da documentación acreditativa dos méritos alegados.

2. Neste senso, na fase de concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias. Os aspirantes exentos do exame de galego deberán tamén facelo constar na súa instancia e xustificalo co certificado oficial correspondente.

3. Para ser admitido nas probas selectivas correspondentes os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

4. As bases específicas incluírán o modelo de solicitude.

5. No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas. No caso de esixencia de habilitacións profesionais deberá acreditarse co correspondente certificado expedido polo organismo competente.

6. O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria específica no Boletín Oficial do Estado.

7. A presentación de solicitudes poderá facerse ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Monterroso ou a través da sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.gal/info.0>), así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante e-mail (concello.monterroso@eidolocal.es) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública. En caso de non realizar esta comunicación, vía correo electrónico, quedarán excluídas do procedemento de selección.

8. As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ó organismo competente.

9. Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que fose necesaria.

10. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

SEXTA.-DEREITOS DE EXAME.

1. Será requisito necesario para participar nestas probas selectivas aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, as seguintes cantidades en concepto de dereitos de exame determinadas en función do grupo de clasificación da praza convocada fixadas na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos do Concello de Monterroso (BOP n.º 130 do 09.06.2002).

O solicitante aportará xunto ca súa instancia orixinal ou copia cotexada do documento de transferencia ou ingreso.

- Postos de traballo encadrados no subgrupo A1: 30 €.
- Postos de traballo encadrados no subgrupo A2: 25 €.
- Postos de traballo encadrados no subgrupo C1: 20 €.
- Postos de traballo encadrados no subgrupo C2: 15 €.
- Outras agrupacións profesionais: 10 €.

2. As contas nas que se poderá realizar o ingreso son as que se indican a continuación:

LA CAIXA: ES60 2100 7960 55 0200000608

ABANCA: ES54 2080 0127 76 3110000018

B. SANTANDER: ES88 0030 6252 05 0000109271

3. En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude, segundo o disposto na base quinta.

4. A taxa por dereitos de exame deberá aboarse necesariamente dentro do prazo de presentación de instancias, e a falta de pago en dito prazo determinará a exclusión definitiva do aspirante das probas selectivas.

5. Aqueles aspirantes excluídos definitivamente das listas poderán solicitar o reintegro das taxas por dereitos de exame.

SÉTIMA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1. Finalizado o prazo dos 20 días hábiles fixado para presentar as solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal. No caso de que non existan defectos a emendar, a listaxe provisional de admitidos considerárase definitiva a tódolos efectos.

2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal.

3. Contra a resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación ou ben recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

4. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados posúiren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

OITAVA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. Os membros dos tribunais cualificadores de cada unha das distintas probas selectivas convocadas serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, así como artigo 60 do TREBEP.

2. Cada un dos tribunais cualificadores estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes: presidente/a, secretario/a e tres vogais, procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres. A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

4. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

5. Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. Antes de que teña lugar o comezo das probas e xuntamente coa lista definitiva de admitidos, publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Corporación a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

7. Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da LRXSP.

8. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe a Alcaldía para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

9. A partir da sesión de constitución de cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na LRXSP e ás bases xerais e ás específicas reguladoras de cada convocatoria.

10. Cada tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios ás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

11. En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

12. Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de marzo.

NOVENA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO ou CONCURSO-OPOSICIÓN (prazas PL50 e PF06)

O sistema de selección será o de concurso ou concurso-oposición, segundo o establecido na Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Os procesos selectivos desenvolveranse con suxeición aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como aos contemplados no artigo 55.2 do TREBEP.

DÉCIMA.- PROBA DE GALEGO

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria. Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que sen acreditar o nivel de galego esixido nas bases específicas non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

Para dar cumprimento ao artigo 51.2 da LEPL, realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido.

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

Quedan exentas desta proba as persoas aspirantes ás prazas ou postos dos grupos A1, I, A2, II, C1, e III que acrediten o Celga 4, as persoas aspirantes ás prazas ou postos dos grupos C2 e IV que acrediten o Celga 3 ou 2, e as persoas aspirantes ás prazas ou postos das agrupacións profesionais e grupo V non se lles esixirá de conformidade coa DA6ª TREBEP, outorgándolles a cualificación de aptos.

PRAZAS PL50 E PF06:

UNDÉCIMA. COMEZO DOS EXERCICIOS

1. A data e mais a hora na que deberá constituírse cada tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas serán determinados pola Alcaldía mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a composición do tribunal, que se publicará a través de anuncio no taboleiro de anuncios e no Taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Monterroso.

2. Os aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados, que resolverá o tribunal.

3. Na fase de concurso o tribunal deberá reunirse previamente co fin de efectuar a valoración e a cualificación dos méritos achegados polos aspirantes.

4. Na fase de oposición, os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

DÉCIMO SEGUNDA.-DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS.

1. En calquera momento o tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa identidade.

2. A orde de chamamento dos opositores para realizar os exercicios será determinada pola orde alfabética segundo a primeira letra do apelido, comezando pola letra que resulte do sorteo ao que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma do 20 de marzo de 1991.
3. Na realización e corrección dos exercicios escritos, garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.
4. Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñerlle ó presidente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.
5. Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios e no taboleiro de anuncios electrónico municipal, a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de “non aptos”.
6. A relación de aprobados en cada exercicio deberá publicarse no taboleiro de anuncios, polo menos con 24 horas de antelación á realización dun novo exercicio.
7. Os exercicios terán lugar a porta pechada sen outra asistencia que a dos membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores.
8. Desde o momento en que remate un exercicio ou proba ata que empece o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles.
9. Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o órgano que os nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da LPACAP.

DÉCIMO TERCEIRA.-CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

1. A puntuación da fase de oposición será, con carácter xeral entre 0 e 60 puntos. O/s exercicio/s obrigatorio/s e non eliminatorio/s da oposición será/n os que se estableza/n nas bases específicas de cada convocatoria, así como a/s puntuacións dos mesmos.
2. A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso de selección será o resultado da media aritmética das puntuacións obtidas.

DÉCIMO CUARTA.-CUALIFICACIÓN DOS MÉRITOS NA FASE DE CONCURSO.

1. Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes, que deben xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas. A suma das puntuacións na fase de concurso non poderá superar o 40% da puntuación total con carácter xeral.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL

Nesta fase valoraranse a experiencia profesional na forma que se describa nas bases específicas correspondentes, cun máximo de 30 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados e informe de vida laboral actualizado.

. Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral, da condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades.

B) FORMACIÓN

Valorarase a formación na forma que se describa nas bases específicas correspondentes, cun máximo de 10 puntos e que cumpra os seguintes requisitos:

- Directamente relacionada coa función e tarefas que se desempeñan na praza/posto que se convoca.
- Adquirida a través de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos ou similares.
- Impartida dentro dos plans de formación das Deputacións provinciais, da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), do Instituto Nacional de Administracións Públicas (INAP), das Escolas oficiais de formación similares do Estado, Comunidades Autónomas e

Administración Local, nas universidades públicas ou privadas; as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das Administracións Públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

- Excepcionalmente, a xuízo do Tribunal, poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando estean autorizadas e homologadas por un organismo público para realizar determinada formación, e se motive a decisión.

A acreditación realizarase mediante certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, o contido, o número de horas (no suposto de ser créditos - equivalencia en horas), determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición, a entidade que organiza e a data de remate da acción formativa

3. A cualificación dos méritos na fase de concurso será anterior á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse nos taboleiros de anuncios físico e electrónico municipais.

4. Os aspirantes disporán de un prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da cualificación da fase de concurso para formular alegacións.

5. A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición.

DÉCIMO QUINTA.-CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.

1. Á cualificación obtida polos aspirantes, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios da fase de oposición, sumaráselle a puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

2. Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios

3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó de postos convocados en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito, sen perxuízo do establecido na Base Décimo Sétima.

4. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes,
, este resolverase tendo en conta a maior puntuación total obtida na fase de oposición,

De non ser posible dirimir o empate conforme ao anterior, atenderase a puntuación obtida na fase de concurso. De persistir o empate este resolverase por sorteo.

PRAZAS POR CONCURSO:

DÉCIMO SEXTA. BAREMO DE MÉRITOS

Realizada a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que acreditaron ou superaron a proba de galego.

A puntuación máxima do concurso será de 100 puntos .

16.1. Criterios de Valoración:

Os méritos a valorar serán os que figuran relacionados na solicitude de participación, acreditados documentalmente tal e como se indica en cada un dos apartados do Baremo

Os méritos que non figuren relacionados na solicitude ou non acreditados como se establece nas bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

16.2. Méritos a valorar:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima deste apartado é de 90 puntos (90%).

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados e informe de vida laboral actualizado.

Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral, da condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades.

B) FORMACIÓN

A puntuación máxima deste apartado é de 10 puntos (10%).

Valorarase a formación que cumpra os seguintes requisitos:

- Directamente relacionada coa función e tarefas que se desempeñan na praza/posto que se convoca.
- Adquirida a través de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos ou similares.
- Impartida dentro dos plans de formación das Deputacións provinciais, da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), do Instituto Nacional de Administracións Públicas (INAP), das Escolas oficiais de formación similares do Estado, Comunidades Autónomas e

Administración Local, nas universidades públicas ou privadas; as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das Administracións Públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

□ Excepcionalmente, a xuízo do Tribunal, poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando estean autorizadas e homologadas por un organismo público para realizar determinada formación, e se motive a decisión.

A acreditación realizarase mediante certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, o contido, o número de horas (no suposto de ser créditos - equivalencia en horas), determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición, a entidade que organiza e a data de remate da acción formativa

En caso de empates acudirase aos seguintes criterios, ata que se resolvan:

1º.- Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.

2º.- Maior puntuación (tendo en conta a puntuación máxima) obtida no baremo de méritos, no apartado EXPERIENCIA PROFESIONAL.

DÉCIMO SÉTIMA.-RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES.

Os aspirantes que resulten contratados quedarán sometidos ó réxime de incompatibilidades vixente e non poderán compaxinar o desempeño do seu posto de traballo con calquera outros postos, prazas, cargos ou empregos públicos remunerados.

DÉCIMO OITAVA.-ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DOS OPOSITORES PROPOSTOS PARA O NOMEAMENTO OU CONTRATACIÓN.

1. A relación de aprobados, publicada nos taboleiros de anuncios conterá unha advertencia recordándolles aos opositores propostos para o nomeamento que

deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para accederen ó posto convocado.

2. Os aspirantes propostos achegarán, dentro do prazo de 10 días naturais, contados dende a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:

a) Documento nacional de identidade mediante copia compulsada.

b) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.

c) Certificado médico actualizado -considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses-, sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de minusvalía deberá aportarse tamén o certificado acreditativo correspondente.

d) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

e) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.

f) Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.

g) Documento acreditativo de conta bancaria.

h) Calquera outro documento requirido nas bases específicas de cada convocatoria para participar no proceso selectivo debidamente compulsado.

3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado como funcionario de carreira ou como persoal laboral fixo ou funcionario, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.

DÉCIMO NOVENA.-NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN.

1. Concluído o proceso selectivo, os aspirantes aprobados, cun número que non poderá exceder en ningún caso o de postos convocados, serán nomeados funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, pola Alcaldía, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial do Estado, sen prexuízo da súa toma de posesión ou formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

3. A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento; de non facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas quedarán na situación de cesantes. No caso de persoal laboral fixo procederáse á formalización do preceptivo contrato de traballo no prazo indicado.

4. Os postos de traballo vacantes que se van cubrir como consecuencia destes procesos selectivos adjudicaránse de acordo coas peticións das persoas interesadas segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

VISEXIMA.-CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

Estas Bases Xerais vincularán ó Concello de Monterroso, os tribunais cualificadores e os aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocados a través das bases específicas de cada proceso selectivo.

VISEXIMA PRIMEIRA.-INCIDENCIAS.

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

VIXÉSIMA SEGUNDA.-RÉXIME XURÍDICO.

Os procesos selectivos regularanse polo disposto nestas Bases Xerais e as específicas de cada unha das convocatorias e, no non previsto nestas, polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, no que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; pola Lei 2/2015, do 29 de abril, que aproba a Lei do emprego público de Galicia; polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, no que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local (artigos do 134 ao 137); polo Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre o procedemento de selección na Administración local; polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo, no que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e polo Real decreto 364/95, no que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

VIXÉSIMO TERCEIRA.-DISPOSICIÓN FINAL.

Estas bases xerais e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A Administración tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na LPACAP

Monterroso, 4 de xaneiro de 2023.- A alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 0036

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidade con lo dispuesto en el artículo 144.3 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, se somete a información pública el proyecto de la modificación de características esenciales (ampliación del uso a producción de energía eléctrica) de la concesión de un aprovechamiento hidroeléctrico cuyas características esenciales son las siguientes:

- Expediente: H/27/22840/ME/22 (A/27/08450)
- Destino del aprovechamiento: Piscifactoría y producción de energía eléctrica
- Peticionario: PISCILOR S.A.
- N.I.F. nº: A27012475
- Domicilio: Ctra. N-120, km 503, 27320, Freixeiro, Quiroga (LUGO)
- Nombre del río donde se derivan las aguas: Río Lor
- Caudal máximo solicitado: 1.300 l/s
- Salto neto: 5,5 m

- Potencia a instalar: 60 kW
- Coordenadas UTM (ETRS 89 H29) toma: X: 635.986 Y: 4.705.736
- Coordenadas UTM (ETRS 89 H29) central: X: 635.802 Y: 4.705.172
- Coordenadas UTM (ETRS 89 H29) restitución: X: 635.806 Y: 4.705.151
- Paraje, término municipal y provincia: Freixeiro, Quiroga (Lugo)

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Quiroga, en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Progreso, nº 6, 32005, OURENSE), donde estarán de manifiesto el expediente, o ante el registro de cualquier órgano administrativo y demás lugares previstos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Ourense, 5 de enero de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, Jorge Gutiérrez González.

R. 0037